

O PSdeG de Friol asegura que a Muíña “moléstalle que se investigue como se fan as obras no Concello e non quere transparencia”

Para os socialistas, o Concello levantou de novo a Praza Andón Cebreiro, recen remodelada cun investimento de 300.000 euros, “por falta de planificación”

O rexedor “é quen pretende enganar ós veciños tratando de que non saiban o que fai, por que, como e canto lle custa. O PSdeG quere obras para Friol, o máximo e o mellor posible, pero sempre dende a xestión responsable e transparente dos fondos públicos”, subliñou o voceiro municipal, Álvaro Santos

FRIOL, 25 DE XUÑO DE 2014.- O voceiro do grupo municipal do PSdeG en Friol, Álvaro Santos, asegura que ó Alcalde, Antonio Muíña, “moléstalle que se investigue como se fan as obras no Concello, que os socialistas queiramos transparencia e que apostemos por unha xestión eficiente dos cartos públicos”. Santos fixo estas declaracións ante as acusacións vertidas polo rexedor do PP manifestando que os socialistas “menten e terxiversan” sobre a obra acometida na Praza Andón Cebreiro da localidade. Muíña reaccionou deste xeito despois de que o PSdeG lle solicitara o pasado martes a documentación correspondente ó expediente completo da remodelación de dita praza, ó ter dúbidas de como se xestionou a obra de rego automático da árbore existente neste espazo público.

“Pedimos información sobre a obra co fin de analizar as motivacións da mesma, pois sospeitamos que é por falta de rigor na planificación da rehabilitación da praza, e para ver cal foi o custe final e como se desenvolveu o proceso de contratación da mesma”, explicou Santos. Resulta cando menos “sospeitoso ver levantada parte dunha obra recen remodelada con 300.000 euros”, engadiu o edil.

O PSdeG cre “insuficiente” a xustificación que dá o Alcalde para acometer esta actuación ó dicir que foi precisa para reforzar o rego da árbore da praza xa que o instalado inicialmente non reunía as condicións necesarias para cumprir a súa función. A realidade, sen embargo, asegurou Álvaro Santos, “é que se debeu a unha falta de previsión. De telo planificado ben, aforraríanse cartos ós veciños de Friol”. “Muíña é quen pretende enganar ós veciños tratando de que non saiban o que se fai, por que, como e canto lles custa. Que non pretenda manipular ós cidadáns dicíndolles que o PSdeG non quere cousas para Friol, pois o PSdeG, como lle temos dito en moitas ocasións, quere o máximo posible e o mellor para o noso Concello, pero sempre dende a xestión responsable e transparente dos fondos públicos, algo que parece molestar ó Alcalde”, sinalou o voceiro.

“Evidentemente, os socialistas queremos que a árbore da praza estea en boas condicións. O que criticamos é a nefasta xestión do Alcalde, que por razóns pouco claras, levanta parte dunha praza que acaba de ser remodelada. Cando vexamos a documentación poderemos contrastar tanto o gasto como a tramitación do mesmo”, argumentou Santos.